



VII FEIRA DE OUTONO DAS EMPREENDEDORAS DE COMPOSTELA: Un modelo económico arredor dunha vida saudábel

O obxectivo desta Feira de Emprendedoras:

A VII Feira de Outono das Emprendedoras de Compostela trae da man unha proposta transformadora: repensar a economía desde unha perspectiva que pon o foco na saúde e o benestar das persoas. Nesta edición, exploraremos como construír a un modelo económico sostible que xire arredor dunha vida saudábel, poñendo no centro ás persoas e a súa calidade de vida.

Ao longo da feira, crearemos unha rede de coñecemento e inspiración arredor da innovación, do emprendemento, da ciencia, da saúde e da sustentabilidade. Compartiremos un día con mulleres emprendedoras, investigadoras, profesionais da saúde, divulgadoras; mulleres que loitan no día a día por constituír unha sociedade mais xusta e cun modelo económico que integre no seu ADN verdadeiros valores feministas; Coñeceremos entidades comprometidas co coidado das persoas, con principios de igualdade, xustiza social e feminismo que compartirán connosco experiencias, proxectos e ideas que demostran que outro modelo é posible e sobre todo, necesario.

Un encontro para coñecer, conectar e construír xuntas un futuro máis saudábel e humano.


Cando? Onde?

Día: 26 de setembro de 2025

Lugar: Aula Magna da Facultade de Química, Santiago de Compostela

Horario: 10:00 – 18:00 h

Plano do espazo:



Quen organiza?

Concello de Santiago e Universidade de Santiago de Compostela (USC).

O programa

10:00 – 10:30 INAUGURACIÓN

María Rozas Pérez

Primeira tenenta de alcaldesa do Concello de Santiago

José Luís Villaverde Acuña

Director da Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento da Universidade de Santiago

Jesús Sanmartín Matalobos

Decano da Facultade de Química da Universidade de Santiago de Compostela

10:30 – 10:45 HORTASAN: EXPERIENCIA DE VIDA

Outro modelo é posible: [#VidaSostible](#) [#Sostibilidade](#) [#AgriculturaEcoloxica](#)

10:45 – 10:50 PROYECCIÓN AUDIOVISUAL

‘ Biopolo A Sionlla’

Polo Biotecnolóxico de Galicia que posiciona a Santiago como enclave de referencia para empresas de biotecnoloxía, innovación e ciencias da vida. Un centro de innovación que ten como obxectivo facilitar sinerxías, acelerar proxectos e ser punto de encontro e atracción de talento e investigación biotech en Compostela.

10:50 – 12:00 MESA REDONDA:

‘Entorno Médico e Científico, Empresas Innovadoras e Economía ao servizo da saúde’

Susana Torrente Vilasánchez

Xestión de patentes en áreas de farmacia e química-médica da USC e asesoramento en protección de invencións
Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento da USC

Carme Pampín

Co-fundadora e directora executiva de Galchimia

Nieves Rodríguez Brisaboa

Presidenta da Asociación Larilás

María Seoane Ramil

Senior Board & M&A Advisor, Biotech Entrepreneur of the Year 2024 e membro da Xunta Directiva de Bioga.

Moderadora a mesa:

María Cadaval Sampedro

Profesora de Economía Aplicada na USC e directora da Cátedra Iberoamericana

12:00 – 12:30 PAUSA PARA CAFÉ

Espazo distendido de conversa e cata de produtos das propias emprendedoras da feira:
[#ProdutosEcolóxicos](#) [#ComidaNatural](#) [#AlimentaciónSaudable](#)

12:30 – 12:45 HORTASAN: EXPERIENCIA DE VIDA

Outro modelo é posible: [#Conexión](#) [#Natureza](#) [#CoidadoDaTerra](#)

12:45 – 12:50 PROYECCIÓN AUDIOVISUAL

‘ Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia’

A psicoloxía coida da saúde mental, transforma vidas e crea futuro.

12:50 – 14:00 MESA REDONDA:



‘Saúde Mental’

Noelia Villaverde Rozas

Latento. Servizo Integral Altas Capacidades

Area López Varela

Neuropsicóloga en FEAFES

Taida Sánchez Rego

Neuropsicóloga en AGADEA. Responsable dos servizos de prevención e familias nas Áreas de Santiago de Compostela e A Estrada de AGADEA

M^a Carmen González Hermo

Vicesecretaria do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, coordinadora no Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) e forma parte da Comisión Intersectorial de Psicoloxía e Deporte

Violeta Cruz

Psicóloga infantil

Moderadora a mesa:

Ángela Juana Torres Iglesias

Profesora de Psiquiatría na Facultade de Medicina e Odontoloxía de Santiago de Compostela e investigadora do Grupo de Investigación en Saúde Mental e Psicopatoloxía (GRISAMP)

14:00 – 16:30 PAUSA PARA COMER

16:30 – 16:45 HORTASAN: EXPERIENCIA DE VIDA

Outro modelo é posible: [#ProdutosEcolóxicos](#) [#ComidaNatural](#) [#AlimentaciónSaudable](#)

12:45 – 12:50 PROYECCIÓN AUDIOVISUAL

‘ Rogelio Santos Queiruga ’

16:50 – 17:45 MESA REDONDA:



Alimentación Consciente, Deporte Preventivo, Saúde e Benestar

Nuska Chousa
Creadora dixital

Toni Fernández
Manager de innovación e director de proxectos de Lucía Freitas

Maruxa García Quiroga
CEO e co-fundadora de Tastelab

Uxía Parcerro
Reset entrenamiento personal

Noemi Sanmartín Rodríguez
Abeiratúa. Asociación para acompañar e mellorar os procesos de cancro con exercicio físico

Moderadora a mesa:
Gumersindo Feijoo Costa
Vicerreitor de Transformación Dixital e Innovación da USC

17:45 – 18:15 PRESENTACIÓN DO LIBRO ‘MIRAR DE FRENTE’

18:15 CLAUSURA

Concello de Santiago de Compostela

Universidade de Santiago de Compostela